

A Coruña, 20 de Febreiro 2013

Estimadas familias:

Dentro das propostas prácticas do proxecto interdisciplinar: "Tocando o ceo" que faremos con Mariquiña e Félix da AMI (Agrupación de Montañeiros Independentes). Recordarvos que temos pendente o

Percorrido polas Fragas do Eume e práctica de escalada deportiva asegurados con material; corda, arnés, mosquetóns, e poderán probar cos pés de gato as técnicas básicas de subida; posición do corpo achegándose a rocha, apoios de pés, tres apoios... e baixadas rapelando.

Data: Sábado 20 Abril 2013

Hora de saída do instituto: 8:30 h. chegada: 19:30 h.

Actividades: Ver un vídeo na aula de natureza, camiñar preto do eume, comer, xogar e escalar. Precisan levar roupa e calzado axeitado, impermeable, crema protectora e nunha mochila pequena, comida e bebida.

O **prezo** total do grupo é de 150 € é dicir se van 30 alumn@s sae en 5 €, máis os 3 € do autobús.

A **intención** é que os adolescentes collan gusto polo contacto coa natureza en estado o máis puro posible, e gocen dela na compañía dos seus compañeir@s de clase e amig@s. Aprendendo dun xeito práctico e dende as diferentes áreas, a valorar os distintos ecosistemas; ou relación de espazos- climas, fauna, flora...

Temos que **COÑECER, VALORAR E PRESERVAR O MEDIO NATURAL** como un ben común global, xa que está exposto a demasiadas agresións e transformacións. Sempre deixarás todo limpo, e non danarás vexetación...

Desexamos que esta actividade incida positivamente na motivación que precisan para ser bos estudantes e mellores persoas. Faremos por grupos unhas fichas de observación, fotos e vídeos.

Nesta saída podedes vir pais interesad@s, e profes.

Un afectuoso saúdo. Fdo: Conchi (Profesora de EF)

OBXECTIVO PRINCIPAL DA ACTIVIDADE: **GOZAR DA BELEZA "ESCÉNICA"** ,
 E DESCRIBIR AS EMOCIÓNS QUE PROVOCA **SABER VIVIR A NATUREZA!**

LUGAR-PERCORRIDO- KMS. DIFICULTADE- TEMPO	
ESTACIÓN-DATA- LUZ- CLIMATOLOXÍA	
ADULTOS ACOMPAÑANTES- TAMAÑO DO GRUPO	
OBSERVACIÓNS	

Análise do que **VIMOS**, e **FIXEMOS**...

EMOCIÓNS!

FLORA		
FUNGOS		
FAUNA		
LIXO QUE ATOPAMOS		
MOSTEIRO		
LUGAR ONDE COMEMOS		
ESCALADA EN ROCHA	Trepar polas paredes de granito nas que hai aberta unha vía. Coas túas forzas, asegurada por un monitor ou compañeiro, que estará atento e falando contigo e evitará que na caída te manques. Mantendo a posición axeitada do corpo e apoio de pés. Con forza de brazos e pernas, flexibilidade, atención, e colaboración. Hai que escalar seguro, tendo en conta as capacidades, dificultade, tempo e condicións climatolóxicas.	

--	--	--

FRAGAS DO EUME

FLORA

Abundancia de **Líquens, Brións, e reliquias de Fieitos**-(dominaron a terra na era terciaria non ambiente cálido e húmido) son especies protexidas.

Árbores e arbustos de Bosque caducifolio- carballo -cerquiño-castaño(construcións de currupias) -arce -sabugueiro -érbedo -freixo -olmo-sanguiño -cerdeira- pereira -espiño albar -acivro -endrino -arándano -escaramujo

Perenniforme- loureiro -teixo -pino -xilbardeira- (sobreira -corticeira)

de Ribeira- bidueiro, ameneiro, salgueiro, abeleira

Invasoras- mimosa, acacia negra, eucalipto e falsa acacia

Matogueiras, toxeira, breixeira- xestas -codesos -toxos -queirogas -silveiras

Herbáceas- allo -safrán bravo -amorodeira -trevos -lingua de boi -ombligo de venus...

(FUNGOS-COGUMELOS

Boletus-cantarellus-rúsculas-níscalos-amanitas-lepiotas-champiñón-cuprinus-lingua de vaca-peidos de lobo-phallus impúdicos... corros de bruxas...)

FAUNA

Invertebrados: formigas-arañas-caracois- babosas-escaravellos-mantis-cabaliño do demo

Anfibios e réptiles: Ras-sapiños-lagartixas-lagartos-salamántiga-escáncer

Aves: Merlo- Lavandeira-Chochín-Paporrubio-Ferreiriños- Verderón-Peto real, Bufo real, Falcón peregrino-Martiño peixeiro- Corvo...

Mamíferos: Esquíos-ratos-toupeira-morcegos-leirón- marta-lontra-gato montés-raposo-corzo-lobo-xabarín

Peixes: troita-reo

VISITA AO MOSTEIRO

Fundado no S.IX. No S.XI convértese en mosteiro de cóengos regulares de santo Agostiño. Nunca chegou a ter moitos habitantes. Acolleu sempre o retiro de xente que quería levar unha vida santa, como a S.Rosendo. Vinculado a familia dos Traba e Andrade. No S.XIX coa desamortización é adquirido por un particular que fixo unha restauración. Posteriormente quedou en situación de abandono ata que pasou a mans da Deputación que acometeu a súa rehabilitación.